

Ti, Xesús, rodéanos co teu amor

Xesús, acompáñanos no carreiro da vida, vas connosco, cóidasnos e podemos descubrirete rodeándonos co teu amor infinito.

Xesús, deixáchesnos os mandamentos como o camiño seguro para ser felices, respectando as regras de convivencia, queréndonos, axudándonos.

Vivir os mandamentos é amar a Deus con todo o corazón, como el nos ama, alimentando a fe na eucaristía dominical, deixando que el guíe a nosa vida e confiando cando non nos sae todo ben.

Vivir os mandamentos é descubrir o teu rostro no próximo, é querelo, respectalo e axudalo, cando nos necesita.

Grazas, Xesús, porque nos queres e nos impulsas a amar. Que o teu Espírito sexa o noso tesouro, axúdenos a amarte, gardando os mandamentos. Que sempre te descubramos vivo, ao noso lado, nas tarefas de cada día e sobre todo no rostro triste do que necesita de nós.

Oración da “Pascua do Enfermo” 2023

-Señor Xesús, acudo a Ti como san Xoaquín e santa Ana para acoller a esperanza que Ti me ofreces nesta hora.

Cando experimento a miña saúde debilitada, cando a dor se agudiza, cando o ocaso da miña vida parece asomar..., sei que non estou só porque Ti estás comigo.

-Ti achégaste a min e consólasme, animasme e énchesme de esperanza. Na túa Palabra encontro acougo, nos sacramentos confórtasme, na oración escóitasma.

-Douche grazas por todas as persoas que poñes no meu camiño nos que recoñezo a túa presenza achegada.

-Ti, Señor, que sempre estás connosco, dáme a ledicia da fe ata que “os meus ollos vexan a túa salvación”. Amén.



Aprende esta canción: Vive, Unai Quirós-Fano: <http://youtu.be/watch?v=tIER5j4wDx8>

Anunciamos alegres que



Jesus Aívor

VI Domingo
de Pascua

Pascua 6º-A

FEITOS 8, 5-8. 14-17: Impoñíanlles as mans e recibían o Espírito Santo.

Naqueles días, Filipe baixou á cidade de Samaría e predicáballes a Cristo. O xentío unanimemente escoitaba con atención o que dicía Filipe, porque oían falar dos signos que facía, e estabanos vendo: de moitos posuídos saían os Espíritos inmundos lanzando berros, e moitos paralíticos e eivados curábanse. A cidade encheuse de alegría. Cando os apóstolos, que estaban en Xerusalén, se decataron de que Samaría recibira a palabra de Deus, enviaron a Pedro e a Xoán; eles baixaron ata alí e oraron por eles, para que recibisen o Espírito Santo; pois aínda non baixara sobre ningún; estaban só bautizados no nome do Señor Xesús. Entón impoñíanlles as mans e recibían o Espírito Santo. *Palabra do Señor.*

SALMO 35: Aclama o Señor, terra enteira.

I PEDRO 3, 15-18: Morto na carne pero vivificado no Espírito.

XOÁN 14,15-21: Pedireille ao Pai que vos dea outro Paráclito.

Narrador: Na aquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«*Se me amades, gardaredes os meus mandamentos. E eu pedireille ao Pai que vos dea outro Paráclito, que estea sempre convosco, o Espírito da verdade. O mundo non pode recibilo, porque non o ve nin o coñece; vós, en cambio, coñecédelo, porque mora convosco e está en vós. Non vos deixarei orfos, volverei a vós. Deica pouco o mundo non me verá, pero vós verédesme e viviredes, porque eu sigo vivindo. Entón saberedes que eu estou no meu Pai, e vós en min e eu en vós. O que acepta os meus mandamentos e os garda, ese ámame; e o que me ama será amado polo meu Pai, e eu tamén o amarei e manifestareime a el*» *Palabra do Señor.*

(Narrador-Xesús).



Reparte "corazón" por el mundo



**Xesús maniféstase con amor VIVO
que nos invita a amar**

1. VER: Necesitamos un CORAZÓN ben acompasado

- O máis importante na vida é querer e ser querido. Que importante é a familia, os amigos, compartir a vida, dar e darse aos outros.

Que facedes cos amigos? Que valoras máis da familia?

Cartel de Fano: <https://www.diocesismalaga.es/dibujos-de-fano-en-color/>

2. XULGAR: Xesús quérenos e invítanos a amar

- No evanxeo de hoxe, Xesús, antes de irse, déixanos o Espírito Santo para que *"estea sempre convosco"*. Ademais *"mora convosco e está en vós"*. E engade que *"se me amades, gardaredes os meus mandamentos"*.

Xn. 14,15-21, dibujos: <https://youtu.be/yuZ5bpEjCAO>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Xesús **quérenos cun amor VIVO**

Resucitou e quedou connosco para compartir as nosas inquietudes, alegrías, festas... podemos experimentar o seu amor vivo, pois é o amigo que nos quere, o amigo fiel que espera de nós unha resposta de fidelidade e de amor.

- Xesús **regálanos o Espírito Santo** para *"que estea sempre convosco"*. Antes de irse ao ceo déixanos o mellor dos agasallos, o Espírito Santo que é esa forza que necesitamos, ese ver as cousas doutra maneira, ese sentir os demais doutra forma...O Espírito Santo é como a luz que non se toca, non cheira nin se oe pero que fai que andemos con confianza, que vexamos a todos como irmáns...

- Xesús **convídanos a amar**, *"se me amades, gardaredes os meus mandamentos"*.

Amar a Xesús é amar o Pai, o Fillo e o Espírito Santo (os tres primeiros mandamentos). E Xesús non quere que só o amemos a El senón a todos (os outros sete mandamentos). Fixádevos a quen debes amar máis e como demostrarllo.

- Hoxe é a **"Pascua do Enfermo"**: ama, coida, acompaña os enfermos. *"Déixate cativar polo seu rostro desgastado"*, dinos o lema.

-Non nos abandonaches, Verbo Divino 2023, reflexión: <https://youtu.be/ujYxrzo2I5I>

Que fai o Espírito Santo? Cales son os mandamentos?

3. ACTUAR: Déixate coidar por Xesús

- Agradecemos este domingo que Xesús quedou connosco para ser o noso compañeiro, é o noso amigo fiel.

- Agradecemos tamén que o Espírito Santo sempre vai connosco, iluminándonos, fortalecéndonos, aínda que ás veces non o sintamos preto.

- Facede un mural cos mandamentos, resumidos no amor.... E aprendédeos de memoria.

- Que cada neno leve unha candeia e acendémolas todas ante o altar. Alguén di: *"ofrecemos estas candeas que representan o lume do Espírito que queremos recibir e o lume do noso amor que queremos compartir"*. Reparte "corazón" polo mundo.

- Visitemos a algún enfermo ou unha residencia de anciáns...

-Como o Pai me amou, canción: <https://youtu.be/watch?v=Hi5KcQZt060>

Que imos facer?